

CONVENIO ENTRE A MUTUALIDAD GENERAL DE FUNCIONARIOS CIVILES DEL ESTADO, O INSTITUTO SOCIAL DE LAS FUERZAS ARMADAS, A MUTUALIDAD GENERAL JUDICIAL E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A PRESTACIÓN EN ZONAS RURAIS DE DETERMINADOS SERVIZOS SANITARIOS AOS MUTUALISTAS E DEMAIS BENEFICIARIOS ADSCRITOS A ENTIDADES DE SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA CONCERTADA COAS DITAS MUTUALIDADES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 26.03.2021 (data da derradeira sinatura) coa Mutualidad General de Funcionarios Civiles del Estado (MUFACE), o Instituto Social de las Fuerzas Armadas (ISFAS) e a Mutualidad General Judicial (MUGEJU) o convenio referido, o cal adquirirá eficacia unha vez inscrito no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación e publicado no Boletín Oficial do Estado, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024, podendo prorrogarse por acordo unánime das partes ata 4 anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións nas que o Servizo Galego de Saúde procederá a prestar asistencia sanitaria aos mutualistas e demais beneficiarios de MUFACE, MUGEJU e ISFAS que se atopen adscritos ás entidades de seguro concertadas con aquelas mutualidades e que teñan o seu domicilio ou se atopen desprazados nos municipios de ata 20.000 habitantes relacionados nos anexos I e II do convenio.

Que o instrumento convencional formalizado fundamentase no seguinte:

Que MUFACE, ISFAS e MUGEJU prestan ás súas persoas mutualistas e beneficiarias, entre outros servizos, a asistencia sanitaria, conforme ao establecido nas súas leis reguladoras aprobadas polos Reais decretos legislativos 4/2000, do 23 de xuño, 1/2000, do 9 de xuño, e 3/2000, do 23 de xuño, a través de Concertos con Entidades, tanto privadas como públicas. Este sistema permite ás persoas mutualistas optar anualmente entre a Rede Sanitaria Pública, recibindo a atención polos Servizos de Saúde das Comunidades Autónomas ou con diversas Entidades privadas.

Os citados concertos prevén a habilitación expresa á mutualidade respectiva para a subscripción de convenios de colaboración cos servizos públicos de saúde competentes no territorio, para garantir que as súas persoas beneficiarias reciban nos seus municipios de residencia a asistencia que precisan e así completar a asistencia a cargo das entidades.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, é a única entidade que dispón dos medios necesarios para a prestación, no dito ámbito territorial, dos servizos de atención primaria que as persoas mutualistas e demais persoas beneficiarias das citadas Mutualidades precisen. Polo tanto, de acordo coa normativa reguladora, poden completar a asistencia sanitaria a cargo das entidades de seguro de asistencia concertadas, naquelas zonas rurais nas que estas non dispoñen de medios.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

